




Patricia Mosquera Ramírez



Rosalía Gil Asengo

Tocabas tamboleiro

coma un pandeiro 



e sons de timbais

mais eu 

guitarra ou arpa

mellor



trombo frauta clarinete



axiña che din son



cos meus dedos de violinista

facías ruído 

e din notas de alegría

para as túas cordas



de contrabaixo

sorríche

e treméronme de súpeto

as miñas teclas de piano



baixo o son da gaita



e os asubíos
agudos
pola gorxa que cantaba
estremecéronme
na súa madeira de frauta
a nosa ledicia de instrumento.

